



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 15

**Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos
bosques**

Submedida 15.2

**Apoio á conservación e o fomento de
recursos xenéticos forestais**



Índice

<u>1.</u>	<u>Medida 15. Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques</u>	<u>2</u>
<u>1.1.</u>	<u>Submedida 15.2 Apoio á conservación e o fomento de recursos xenéticos forestais</u>	<u>2</u>
<u>1.1.1.</u>	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	<u>2</u>
<u>1.1.2.</u>	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	<u>3</u>
<u>1.1.3.</u>	<u>Como se outorga a axuda?</u>	<u>3</u>
<u>1.1.4.</u>	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	<u>3</u>
<u>1.1.5.</u>	<u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	<u>5</u>
<u>1.1.6.</u>	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	<u>5</u>
<u>1.1.7.</u>	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	<u>6</u>
<u>1.1.8.</u>	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	<u>6</u>
<u>1.1.9.</u>	<u>Marco normativo</u>	<u>6</u>
<u>1.1.10.</u>	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	<u>7</u>

1. Medida 15. Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques

Esta medida responde á necesidade de conservación e revalorización do patrimonio natural de Galicia, incluíndo actividades para desenvolver variedades de especies forestais capaces de adaptarse ás condicións locais específicas ou cambiantes, a fin de asegurar que os bosques contribúan plenamente ao conxunto dos obxectivos ambientais, climáticos e sociais.

Esta axuda artículase a través das seguintes submedidas:

- ✓ Submedida 15.1: Pago para os compromisos silvoambientais e climáticos
 - Operación 15.1.1: Pago por substitución de masas de *Eucalyptus* sp.
 - Operación 15.1.2: Pago por eliminación de masas de *Eucalyptus* sp en hábitats de turbeiras e querogais húmidos.
- ✓ Submedida 15.2: Apoio á conservación e o fomento de recursos xenéticos forestais

1.1. Submedida 15.2 Apoio á conservación e o fomento de recursos xenéticos forestais

A submedida estará orientada ao fomento de accións dirixidas á conservación dos recursos xenéticos forestais e mellora do material forestal de reprodución (MFR), incluíndo actividades como o desenvolvemento das diferentes variedades de especies forestais adaptadas ás condicións locais específicas e a asegurar que os bosques contribúen plenamente ao conxunto dos obxectivos ambientais, climáticos e sociais.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

En virtude de esta medida apoiaranse:

- ✓ Actividades focalizadas: que fomenten a conservación *in situ* e *ex situ*, a caracterización, a recompilación e a utilización de recursos xenéticos en silvicultura, entre elas, a creación na internet de inventarios dos recursos xenéticos actualmente conservados *in situ*, incluídas a conservación na explotación forestal, así como as recompilacións *ex situ* e as bases de datos;
- ✓ Actividades concertadas: actividades que impulsen o intercambio de información entre as organizacións competentes dos Estados membros con miras á conservación, caracterización, recompilación e utilización dos recursos xenéticos forestais da Unión;
- ✓ Actividades de acompañamento: actividades informativas, divulgativas e de asesoramento nas que participen organizacións non gobernamentais e outras partes interesadas, cursos de formación e elaboración de informes técnicos.

A estratexia aplicada baséase no fomento do uso comercial dos recursos xenéticos como elemento clave para a súa conservación. A medida incluírá actividades dos tres tipos citados no Regulamento Delegado (UE) 807/2014, aínda que terá un maior peso as focalizadas dada a natureza das accións de conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais, aínda nunha fase moi inicial do seu desenvolvemento.

A Administración forestal galega, en orde a incrementar a subministración de material mellorado de reprodución, creará unha rede de parcelas de alto valor xenético, que se situarán, de maneira preferente, aínda que non exclusiva, nos terreos forestais de titularidade pública e nas cales se realizará unha silvicultura dirixida á conservación *in situ* de recursos xenéticos das principais especies forestais.

A medida enlaza esencialmente coa área focal 4A (restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, en particular nas zonas Natura 2000, nas zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas e nos sistemas agrarios de gran valor natural, así como o estado das paisaxes europeas).

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios desta axuda a Administración autonómica e os seus entes instrumentais, que poderán, no seu caso, establecer fórmulas de colaboración con entidades e titulares de montes orientadas á conservación de recursos xenéticos forestais.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda adquirirá forma de investimento directo por parte da Administración autonómica, ben por ela mesma ou por medio dos seus entes instrumentais.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

- ✓ Actividades focalizadas. Actividades que fomenten a conservación ex situ e in situ, a caracterización, a recompilación e a utilización dos recursos xenéticos forestais:
 - Bancos de xermoplasma
 - Accións e custos asociados á recollida, transporte, procesado e almacenamento de material forestal de reprodución
 - Mantemento e mellora das instalacións (incluíndo a compra de equipos e materiais) dos centros de recollida, procesado da semente forestal, e dos lugares de almacenamento e produción dos materiais forestais de reprodución (incluíndo a rede de campos de conservación e caracterización de recursos xenético forestais)



- Estudos, análises, e instalación de parcelas de ensaio e outros traballos relacionados coa recollida e procesado de datos para a mellora do material forestal de reprodución en Galicia
 - Instalación, xestión (incluídos análises edáficos ou outros necesarios), mantemento e recollida de materiais de base, fontes sementeiras, rodais, proxenitores de familias e hortos sementeiros
 - Instalación, xestión, mantemento e recollida de datos de parcelas que constitúan ensaios de proxenie, de procedencias ou ensaios para a mellora técnica na produción de material forestal de reprodución
 - Instalación, xestión e mantemento da rede de campos de plantas nai de Galicia.
 - Conservación e propagación vexetativa (reprodución por estaquillado, abacelo ou multiplicación “*in vitro*”) de material forestal de alto valor xenético, especialmente clons ou mestura de clons.
 - Identificación clonal ou caracterización xenética do material forestal de reprodución
 - Traballos relacionados co inventario, creación, mantemento e conservación das unidades *ex situ* de conservación
 - Traballos relacionados co inventario, creación, mantemento e conservación dos materiais de base como fontes sementeiras, rodais, proxenitores de familia, clons e hortos sementeiros que formen parte do Rexistro galego de materiais de base e do Catálogo Nacional de Materiais de Base.
 - Actuacións e servizos relacionados coas novas tecnoloxías da información e a comunicación para o inventario, difusión, almacenamento e xestión dos datos relacionados coa conservación dos recursos xenéticos forestais e dos ensaios e materiais de base existentes en Galicia (bases de datos, inventarios en rede,...)
 - Caracterización dos materiais de base para a súa catalogación como rodais na categoría seleccionada.
 - Obtención/produción de materiais forestais de reprodución para a instalación de parcelas de alto valor xenético
 - Creación dunha colección de referencia no ámbito das variedades tradicionais do castiñeiro
- ✓ Actividades concertadas
- Actividades que promovan o intercambio de información para a conservación, caracterización, recolección e utilización dos recursos xenéticos entre os axentes do sector forestal





- Actividades que impulsen o intercambio de información entre as organizacións competentes dos Estados membros con miras á conservación, caracterización, recompilación e utilización dos recursos xenéticos na silvicultura
- ✓ Actividades de acompañamento
 - Actividades informativas, divulgativas e de asesoramento nas que participen organizacións non gobernamentais e outras partes interesadas
 - Cursos de formación e elaboración de informes técnicos.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

- ✓ Non son elixibles os custos variables que estean vinculados á produción de material xenético con fins comerciais.
- ✓ Esta submedida non poderá financiar actividades relacionadas co programa marco da UE para a investigación e a innovación.
- ✓ Non serán elixibles as actividades de recursos xenéticos de especies de árbores forestais de ciclo curto (aproveitados a monte baixo por recepado e que se axustan ao establecido no Regulamento (UE) 1307/2013), nin as de especies cultivadas para árbores de Nadal ou de crecemento rápido para produción de enerxía.
- ✓ Darase preferencia ás especies autóctonas, ás derivadas destas por cruzamentos de mellora (por exemplo clons de castaño híbridos resistentes á tinta), ou ás incorporadas ao acervo do patrimonio natural ou forestal de Galicia e demostrasen unha ampla adaptación ás condicións locais galegas.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

De acordo co artigo 49.2 do Regulamento (UE) 1305/2013 só se definirán criterios de selección se os fondos dispoñibles son insuficientes para cubrir a todos os posibles beneficiarios. Nese caso, poderán aplicarse os seguintes criterios de prioridade:

- ✓ Aumento da produción de material forestal de reprodución.
- ✓ Obtención de material forestal de reprodución de maior categoría.
- ✓ Mellora xenética forestal en materia de produción.
- ✓ Calidade de produto.
- ✓ Resistencia fronte a pragas ou enfermidades, mellora da residencia e adaptación fronte ao cambio climático.



1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda poderá financiar o 100% dos gastos subvencionables.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Recursos Forestais da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Directiva 1999/105/CE do Consello, de 22 de decembro de 1999, sobre a comercialización de materiais forestais de reprodución
- ✓ Directiva 2000/29/CE do Consello, de 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade
- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, de 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal
- ✓ Real Decreto 289/2003, de 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución e as súas modificacións
- ✓ Lei 30/2006, de 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos
- ✓ Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público
- ✓ Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico



1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información sobre o sector forestal (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/presentacion>
- ✓ Plan Forestal Español 2002-2032 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/planificacion-forestal/politica-forestal-en-espana/pfe_plan_forestal_esp.aspx
- ✓ Estratexia Española para a Conservación e o uso sustentable dos recursos xenéticos forestais (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/recursos-geneticos-forestales/rgf_estrategias_conservacion.aspx
- ✓ Plan de Activación Socioeconómica do sector forestal (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
<http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/plan-pasfor/>
- ✓ Marco de Acción Prioritaria para a Rede Natura 2000 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/rn_cons_marco_accion_prioritaria.aspx
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.12 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

